

## Preguntas adecuadas

Todos os días, na clase, xórdennos preguntas. As que non se lle ocorren a un, ocórrenselle a outro.

Cando debo facer as preguntas? Se nos están explicando unha actividade ou como resolver un problema, despois de escoitar a explicación preguntaremos por aquilo que non entendemos ben.

Outras veces, cando nos explican un tema longo, convén levantar a man durante a explicación. Dese xeito evitamos perdernos e entenderemos mellor.

Como deben ser as preguntas? Deben estar relacionadas co que se está a falar e convén formulalas con precisión. Non preguntamos para distraer nin para presumir, senón para aprender.

Por outra parte, cando é o profesor ou a profesora o que nos pregunta a nós, as nosas respostas deben ser completas, achegando a maior información posible; non vale cun simple «si» ou «porque si». Debemos argumentar a resposta e poñer exemplos.

### ACTIVIDADES

- 1 Fai unha pregunta coherente con estas palabras: «nacer», «sol», «primavera».
- 2 Contesta con máis de dez palabras ás seguintes preguntas:
  - a) Cal é o teu libro favorito?
  - b) Gústanche os pasteis?
  - c) Tes irmáns?
- 3 Le o texto do principio da unidade e fai dúas preguntas sobre el.
- 4 Reflexionade en grupo:
  - a) Na túa clase, hai nenos que interrompen as explicacións con preguntas sen sentido?
  - b) Como facedes xeralmente as preguntas?
  - c) Esperades as indicacións do profesor?



## REPASO DA UNIDADE

### Coidando as miñas palabras

A linguaxe é un instrumento fundamental na nosa relación coas demais persoas.

A amplitude de vocabulario e a fluidez son capacidades que fan que nos resulte máis doado ler, falar, escribir ou entender o que nos din. Hai xogos que poden axudarnos a mellorar nese aspecto, aprendendo novas palabras, por exemplo.

A linguaxe non se compón só de palabras, senón tamén doutros aspectos, como os xestos, o ritmo ou a entoación. Estes elementos son fundamentais na comunicación das emocións. Un robot falando carece de ritmo e de entoación, polo que pode transmitir ideas, pero non sentimentos e emocións.

Cada ocasión require un uso diferente da linguaxe: non falamos igual no patio ca na casa ou durante a clase.

Cando atendemos a unha explicación do mestre, podemos preguntar o que non entendamos, pero debemos facelo con respecto e poñer atención á resposta.



- 1 Que cres que quixo dicir Cervantes cando escribiu «Máis vale unha palabra a tempo que cen a destempo».
- 2 Fai un «cadro de palabras» con aquelas que producen un efecto positivo nos demais. Por exemplo: «amor», «alegría», «sinceridade»... Inventa un símbolo bonito que as represente.
- 3 Le estes versos de tres formas diferentes: primeiro, moi rápido; logo, excesivamente devagar, e por último, á velocidade adecuada e co ritmo e a entoación correctos.

Comentade na clase as diferenzas que observades entre as distintas formas de lelos.

### Que é poesía?

Que é poesía? Dis mentres cravas na miña pupila a túa pupila azul. Que é poesía...? E ti mo preguntas? Poesía... es ti!

Gustavo Adolfo Bécquer. (Tradución).

- 4 Escribe un breve conto sobre a linguaxe co título seguinte: «O ladrón de palabras».
- 5 Ao longo dunha semana, anota no teu caderno as preguntas que formulen os teus compañeiros e compañeiras na clase que che parezan realmente interesantes. Explica por que as elixiches.